



CONCELLO DE SADA

ACTA Nº 2 CORRESPONDENTE Á ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CON RESPECTO AO 1º EXERCICIO TIPO TEST DA FASE DE OPOSICIÓN PARA SELECCIONAR UNHA PRAZA DE ARQUITECTO MUNICIPAL, PERSOAL FUNCIONARIO, QUE CORRESPONDE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2016

O día 22 de maio de 2018, ás 8.30 h, reúnese o Tribunal calificador para seleccionar unha praza de arquitecto municipal que corresponde á oferta de emprego público do ano 2016.

O dito Tribunal cualificador constitúese coa presenza dos seguintes integrantes:

Presidente: Juan Carlos Prado del Valle

Vogais:

- Xosé Francisco Freire Corzo.
- Alfredo Garrote Pazos
- María del Carmen Cid Castro

Secretario: Carlos Pérez González

Disculpa a súa asistencia a outra vogal titular nomeada D^a Marta Gómez Fernández, tendo achegado xustificante de baixa médica.

O obxecto da reunión é:

1. Analizar as alegacións presentadas por D^a Lorena González García e D. Manuel Pueyo Varela ao primeiro exercicio tipo test.

Con respecto a alegación formuladas por D^a Lorena González García relativa á suspensión da realización do 2º exercicio, o Tribunal cualificador por unanimidade acorda desestimar a dita solicitude, por canto un posible cambio da resposta correcta nas preguntas nº 85 e 92 non incide na relación de persoas que teñen dereito á realizar o segundo exercicio, dado que a persoa máis próxima dos suspensos obtivo 3,85 puntos.

A Sra. González García considera que as respostas correctas nas preguntas nº 85 e 92 son distintas das que constan na plantilla publicada polo Tribunal.

O Sr. Pueyo Varela refire a súa alegación unicamente á pregunta nº 92, concordando na resposta correcta coa Sra. González García.

Á vista do anterior, o Tribunal cualificador ACORDA:

1. Desestimar a solicitude de suspensión da realización do segundo exercicio que se mantén para o xoves 24 de maio ás 9.30 h na Casa do Concello de Sada, situada na Avda. do Porto nº 24.

2. Adiar para unha próxima reunión a análise que corresponde ás ditas preguntas nº 85 e 92 e tomar o acordo relativo ás alegacións formuladas ao respecto das ditas dúas preguntas.

3. Publicar os ditos acordos no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Sada.

A reunión conclúe sendo ás 10.00 h.

E como resultado da reunión, estendo esta acta, eu secretario, do que dou fe.

O presidente

O secretario

Os vogais

